



DIVULGACIÓN DO PROXECTO DE XESTIÓN DOS RECURSOS DA PESCA COSTEIRA ARTESANAL QUE GARANTA UNHA ACTIVIDADE ECONÓMICA, SOCIAL E AMBIENTALMENTE SUSTENTABLE NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES SAN ANTONIO DE CAMBADOS

Expediente: PE209C-2023-042

O proxecto foi solicitado ao amparo da Orde do 18 de Outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2021 en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable.

OBXECTIVOS:

O obxectivo global, está implícito no título do proxecto e será a protección da biodiversidade e a conservación dos hábitats mariños xestionados pola Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados, dito obxectivo inclúe a xestión dos bancos marisqueiros de xeito sustentable.

As actividades desenvolvidas ao longo do proxecto foron:

Xestión e seguimento dos recursos mariños vivos nas zonas de produción

A xestión dos bancos marisqueiros precisou a realización de mostraxes, tanto nas zonas de produción, como despois da extracción para o control de tallas nos puntos de control e nas lonxas

As mostraxes dos bancos marisqueiros da área de explotación da Confraría de Cambados cunha periodicidade semestral, de acordo coa importancia do banco, nivel de datos dispoñibles, etc., en coordinación cos Biólogos de Zona da delegación comarcal de Carril.



Figura 1.- Toma de mostrax no banco de O Sarrido

Elaboración dos plans marisqueiros da entidade.

Durante o terceiro trimestre de 2023, presentáronse os seguintes plans xestión para os anos 2024-2026:

- Plan de Xestión de Marisqueo a Pé da Confraría de Cambados en réxime de autorización, cuxo banco principal é o Sarrido e as especies máis importantes son ameixa xaponesa e ameixa fina.
- Plan de Xestión de Marisqueo a flote en réxime de autorizacións nas áreas de Tragove e Rego do Alcalde preferentemente. A especie principal é ameixa xaponesa e ameixa babosa.
- Plan de Xestión de Marisqueo a flote en zonas de Plan Específico en zonas de libre marisqueo no banco principal de O Galiñeiro i especie obxectivo ameixa babosa.

Tamén se elaborou un Plan Zonal CONXUNTO DE SOLÉNIDOS NO LOMBO DE AS MEANS para os anos 2024-2026.

- Este plan desenvólvese para regular a actividade dos mariscadores de a flote na extracción de navalla (*Ensis magnus*) no banco de As Means. O plan ten carácter experimental porque a extracción do molusco se realiza coa arte da “forquilla con espello” non autorizada para o marisqueo a flote. Por outra parte, é un banco xestión conxunta coa confraría de pescadores de O Grove.



Figura 2.- Mostraxe de forquilla i espello no banco marisqueiro de solénidos nas Means.

Formación profesional e formación permanente do persoal e asociados da entidade.

O proxecto establece a realización dunha xornada formativa de difusión sobre a actividade de I+D que a Confraría desenvolve xunto con outros centros de investigación.



Figura 3. Xornada formativa (26/03/2024)

Seguimento, control e planificación dos proxectos de rexeneración e mellora da produtividade desenvolvidos no ámbito da entidade.

Desenvolveuse o proxecto de “*Recuperación do hábitat mariño do Leste do Galiñeiro-LESTEGAL*” no que se realizaron actuacións de acondicionamento do substrato, aporte de áridos mesturados con cuncha triturada e sementeira de ameixa autóctona babosa (*Venerupis corrugata*)



Figura 4. Draga aportando áridos no banco de O Galiñeiro



Figura 5.- Sementando banco rexenerado do Galiñeiro, despois dunha acción de corrección granulométrica do substrato.

Conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños.

No apartado de **conservación**, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños, realizáronse varias actuacións desenvolvidas principalmente polo servizo de Gardapescas da Confraría.

A confraría dispón de autorizacións tanto para o marisqueo a pé como a flote, polo tanto a área de traballo é importante e os vixiantes desempeñan o seu labor tanto por terra como no mar, estando organizados de tal maneira que complementan as labores de vixilancia optimizando o tempo de traballo.

Por outra parte, o persoal de vixilancia actuou baixo a supervisión do servizo de Gardacostas i en colaboración con este, estando obrigados a remitir ao servizo os datos e informes que lles sexan requiridos. Con antelación mínima de sete días mandáronse as programacións semanais de vixilancia e control e mensualmente enviouse un informe das actividades realizadas ao Servizo de Gardacostas.

Divulgación do proxecto na páxina web da Confraría de Cambados

The screenshot displays the website of the Confraría de Pescadores de Cambados. The header includes the organization's name and a search bar. The main navigation menu contains links for Inicio, Nosotros, Noticias, Mariscadoras, Rafeiros, Artes menores, Cerco, and Galería. The main content area features a large aerial photograph of the town of Cambados. Below the image, there are two project announcements:

- PROXECTOS 209P-2023-042** (dated 26 Agosto 2024): A project from the Xunta de Galicia, Concellería do Mar, regarding the acquisition of fishing gear. It includes details about the project's objective, the beneficiary (Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados), and the amount of the public subsidy (FEMPA, 105.251,99€).
- EQUIPOS DE PESAXE: CLASIFICADORAS - PE209G-2023-FEMPA/12** (dated 09 Mayo 2024): A project from the Xunta de Galicia, cofinanced by the European Union. It details the acquisition of fishing equipment for classification.

On the right side, there is a login form for 'LONJASDEGALICIA.COM' with fields for 'Usuario' and 'Contraseña', and a 'Identificarse' button. A 'Recuérdome' checkbox is also present. The bottom of the page shows a Windows taskbar with the date 29/06/2024 and a temperature of 18°C.

Carteis divulgativos nas oficinas da Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados.

